

Novos orzamentos

Este ano, ademais de ver incrementadas as partidas destinadas, por exemplo, a Cultura, os orzamentos do 2005 continuarán sendo un motor en constante movemento para que o crecemento e desenvolvemento de Oleiros siga a ser unha constante. Páxinas 14/15



Concello de  Oleiros

Os oleirenses xa desfrutan do novo Auditorio "Gabriel García Márquez" inaugurado en Mera o pasado 2 de abril. Páxina 18

Vivir en Oleiros

Número 19
Maio 2005
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Este ano deberíanse entregar as vivendas



A Xunta da a razón ó concello, e as Vivendas de Promoción de Mesón da Auga serán rematadas

■ O longo vía crucis que o concello, e os afectados, levan sufrido por mor das trabas que a dirección xeral de Patrimonio da Xunta veu poñendo para a construción das vivendas de promoción de Mesón da Auga, tiveron un final feliz, anque tardío: o informe da Consellería de Cultura dá a razón ó concello despois de que este presentase un amplo e rigoroso informe sobre a legalidade da obra. Polo tanto, tralas difamacións, atrancos e reviravoltas que poñían en entredito a actuación municipal, o tempo deu unha vez máis a razón ó concello.

Imos co 3º PXOM

Antes de que remate o verán contaremos co terceiro PXOM, pero antes, estará exposto ó público para as súas alegacións. Ademais, editarase un CD que estará a disposición das persoas interesadas, na casa do concello.

Páxina 4

Oleiros esixe á Xunta de Galicia e ó Goberno Central

investimentos para lograr o desenvolvemento que a área metropolitana da Coruña necesita. Sexan cales sexan os resultados dos comicios do 19 de xuño, Oleiros mantén as súas reivindicacións.

Páxina 20

Oleiros puxo en marcha o Foro Internacional de Fotorreportaxe e Sociedade "Revela"

Contando xa co apoio de intelectuais, xentes da música, da cultura, e outras, ademais de diversas entidades, institucións e organizacións, Oleiros celebra este verán a que será primeira edición de "Revela". Un novo evento internacional que procura a reflexión e sensibilización social que a través da fotografía pretende este proxecto. Celebrarase dende o 24 de xuño ó 15 de xullo. Páxina 22

reve!a OLEIROS 05

Como saber
ónde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades	
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
C. Cul. As Torres Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao.5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Casa de República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Vellos Arenaza	981 631 240
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618

Centros educativos	
C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquíu / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Inf. Vilanova / Nos	981 651 417
E. Inf. O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
E. Inf. O Castaño / Perillo	981 639 160
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I. María Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas	
Central Ríaleda / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Servicios Varios	
—Veterinarios	A. Guillín 631567/Oleiros
Santa Cruz 626310	J. Arca 617591/Maianca
Gayacan 660335/Vilanova	J.A.Barros 626689/Dorneda
Salud Animal 631651/Os Regos	J.Costa 635735/Sta.Cristina
—Maquinaria de construción	A.Dominguez 661108/Nós
J. Barreiro 635474/Oleiros	Fonelec 662744/Nós
—Reparación coches e bicis	C.Suárez 638400/Perillo
J.García 610339/Oleiros	J.García 610339/Oleiros
—Fontanerías	S.García 611079/O Carballo
A. Taibo 614529/Sta.Cruz	F.J.Gruero 636092/Sta.Cruz
	M.C.López 637010/Sta.Cruz
	A.Martínez 611317/Oleiros
	R.Mesias 660684/Nós

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristobo **981 153 338**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45-6,55-7,10-7,25-7,35-7,45 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10-7,40-8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10-7,40-8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05-14,05. Volta 8,30-14,30 Dom+fest Ida 10,05-14,05. Volta 10,30-14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35 Dom+fest Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora-último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55-10,55-13,05-14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25-8,25 a 20,55 cada hora-Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora-Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50-7,10-13,05- de 7,40 a 20,40 cada hora-De 8 a 12 cada hora-De 14 a 20 cada hora-Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora-De 7,30 a 19,30 cada hora-20,50-22,30 Sábados Ida 8,50-9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h - a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 - a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11-21,10. Volta de Oleiros 11,30-21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45-13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora

Datas

Farmacias

<i>Do 29 abril ó 4 maio</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª Freire Rial-Teresa Miguélez. Avda. Rosalía de Castro 247. Perillo (981 66 38 90) ■ Víctor Casasola Rodríguez. O Portadego. Culleredo (981 28 70 35) ■ José Mª Canzobre Vázquez. Brexo-Lema (Cambre)
<i>Do 6 ó 12 de maio</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª Rosa Cartufo Ferreño. Avda. Das Mariñas 247. Nós (981 66 38 90) ■ Mª Dolores Pan Nájera-Alesón. Celas. Culleredo ■ Carlos de Castro Lorenzo. Volteiro s/n. Cecebre. Cambre (981 66 38 71)
<i>Do 13 ó 19 de maio</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Carmen Casariego Torres. R/ Francisco Comesaña 4-6. Sta. Cruz. Oleiros (981 61 45 03) ■ Mª Isabel Grela Eiris. Avda. Vilaboa 50. Culleredo (981 66 01 82) ■ Isabel Mosquera Freire. Costa da Tapia 31. O Temple. Cambre (981 66 00 51)
<i>Do 20 ó 26 de maio</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª Teresa Lema Espadasín. Avda. República Argentina 95. Arillo. Oleiros (981 64 84 40) ■ Amalia Mato Corral. Avda. Galicia. O Burgo. Culleredo (981 66 09 23) ■ Beatriz Villarquide Vega. Enxertos 2. Sigrás. Cambre (981 67 65 75)
<i>Do 27 de maio ó 2 de xuño</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Marta Gil de la Peña. Urbanización Os Regos. Oleiros ■ Mª Eugenia Ulloa Rguez. Fonteculler. Culleredo ■ Pilar Ameijeiras Marra. Pumar Méndez 1. Cambre (981 67 42 11)
<i>Do 3 ó 9 de xuño</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Santiago Maíz Cal. Camilo Díaz Baliño 1. Oleiros (981 61 00 27) ■ Mª Carmen Gallego Ramallal. Rúa do Concello 15. Tarrío. Culleredo (981 67 76 56) ■ José Mª Canzobre Vázquez. Brexo-Lema (Cambre)
<i>Do 10 ó 16 de xuño</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Marta Vigueira Mosquera. Rúa Miramar 4. Mera. Oleiros (981 61 79 37) ■ Víctor Casasola Rodríguez. O Portadego. Culleredo (981 28 70 35) ■ Carlos de Castro Lorenzo. Volteiro s/n. Cecebre. Cambre (981 66 38 71)
<i>Do 17 ó 23 de xuño</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª Freire Rial - Teresa Miguélez. Avda. Rosalía de Castro 247. Perillo (981 66 38 90) ■ Mª Dolores Pan Nájera-Alesón. Celas. Culleredo ■ Isabel Mosquera Freire. Costa da Tapia 31. O Temple. Cambre (981 66 00 51)
<i>Do 24 ó 30 de xuño</i>	<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª Rosa Cartufo Ferreño. Avda. Das Mariñas 247. Nós (981 66 38 90) ■ Mª Isabel Grela Eiris. Avda. Vilaboa 50. Culleredo (981 66 01 82) ■ Beatriz Villarquide Vega. Enxertos 2. Sigrás. Cambre (981 67 65 75)

Por favor, se detecta algún erro ou carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanaló.

J.Novo 908084450/Oleiros	J.Bao 635617/Perillo	J.Fernández 614919/Dorneda	F.Mañana 615298/Arillo	F.Sánchez 610779/Iñás	—ATS-Fisioterapeutas
J.Pardo 631127/Dorneda	A.Barreiro 617887/Maianca	J.Fernández 614919/Dorneda	J.L.Martínez 636034/Perillo	L.Siso 617461/Mera	M.Miranda 638633/Perillo
R.Pol 635325/Perillo	F.Beltrán 628373/Lorbé	J.Fernández 617720/Dorneda	A.Mato 667682/Nós	M.Siso 617467/Mera	J.L.Sánchez 638234/Perillo
—Instalacións eléctricas	J.M.Blas 635811/Perillo	L.Gacio 636587/Perillo	J.Mirón 618119/Mera	R.Suárez 615239/Dorneda	—Notarios
E.F.Orro 908584277/Mera	J.Cagiao 626038/Sta.Cruz	A.García 618190/Serantes	V.Naya 617096/Mera	A.Sueiro 614849/Dorneda	R.Benzo 611506/Oleiros
R.Pol 635325/Perillo	J.Cal 662449/Oleiros	V.García 661448/Nós	M.Novo 610830/O Carballo	A.Uzal 908581521/Rialta	—Herboristerías
J.L.Rodríguez 626270/Dorneda	M.C.Carballo 631578/Nós	M.Illanes 614356/Dorneda	A.Otero 631344/Oleiros	M.Vallo 610812/Oleiros	La Fresa Silvestre
A.Vian 637254-908584691 /Perillo	Gomaño 666387/Oleiros	D.Lamas 631356/Oleiros	J.Pampin 635920/Perillo	F.Vázquez 614927/Sta.Cruz	637118/Perillo
—Albanelería	O.Bravo 908586979/Sta.Cruz	A.Lastres 908586296/Dorneda	J.L.Prego 626147/Dorneda	M.Vidal 631015/O.Valliño	—Masaxes-SPA
J.M.Alvarez 617788/Serantes	J.M.Fernández 614990/Arillo	A.López 617411/Mera	J.A.Prieto 610181/Oleiros	M.Vieito 610060/Oleiros	Aqua de Sta.Cristina
A.Arevalo 617243/Dexo	F.Fernández 636078/Perillo	E.Fernández 636572/Perillo	F.Recarey 617503/Oleiros	Construccions BROÑO	637303/Perillo
			J.M.Rodríguez 610746/O Carb.	981617962/	—Seguridade laboral
			J.R.Sánchez 664599/Nós	669386126/Mera	Álvaro Viso 638214/Perillo



Alternativa dos veciños

As difamacións ó Alcalde, son difamacións a Alternativa

Alternativa dos Veciños, diante da campaña de inxurias e difamacións que se está a levar a cabo por parte dun diario de Madrid contra a nosa agrupación, e en especial, contra o seu presidente e alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane e a súa familia, reunidos en asamblea extraordinaria o día 18 de marzo do 2005, acordamos:

1. Manifesta-lo noso total e incondicional apoio ó alcalde de Oleiros e presidente de Alternativa dos Veciños, Ángel García Seoane.

2. Que a xestión que dende o goberno municipal de Alternativa dos Veciños leva feito ó longo de máis de dúas décadas,

García Seoane, sempre se distinguíu pola súa transparencia, honestidade e eficacia a prol dos intereses de todos os veciños de Oleiros.

3. A traxectoria política, social e persoal de García Seoane e a súa entrega incondicional ó movemento veciñal, xunto coa defensa dos pobos máis desfavorecidos, fixo posible que hoxe en día Oleiros sexa recoñecido como un concello exemplar de boa xestión, cunha alta calidade de vida. Un concello para vivir.

4. Esta campaña de difamacións e inxurias, é unha máis das que ven sufrindo o goberno de Alternativa dos

Veciños ó longo dos últimos anos, por parte daqueles que pretenden tomar o poder á marxe das furnas, que en ningún momento se comprometeron nin con Oleiros nin cos seus veciños, senón para beneficiar ós grupos de presión e especuladores ós que sirven e representan.

5. Por último, reafirmamos o noso apoio absoluto a Ángel García Seoane e á súa familia e reiterámo-lo compromiso que ten Alternativa dos Veciños co pobo de Oleiros, de continuar coa liña que sempre nos marcamos de traballar por un concello para todos. Desexamos que os tribunais resolvan axiña e con xustiza, colocando a cadaquén no lugar que lle corresponde.

Alternativa dos Veciños sabemos que esta non é a primeira, nin será a derradeira campaña que se fai contra do alcalde, é dicir, contra a nosa agrupación política. Pero tamén sabemos que as mentiras caen polo seu propio peso, e non en van, o propio ABC tivo que comeza-los desmentidos das acusacións, como a atribución que se lle facía a unha irmá do alcalde de participar dunha grande multinacional en Madrid que facturaba máis de mil millóns de euros ó ano, e que non tiña nada que ver coa realidade. Comezan a disdicirse, pero sabemos que seguirán levantando inxurias e calumnias que irán caendo polo seu propio peso.



O Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de "Vivir en Oleiros" realizada pola Alcaldía, tal como demostra esta carta do Gabinete de Comunicación do Concello e recibida polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Grupo Municipal Socialista

Presupostos tardíos y alejados de las necesidades de los vecinos Xunta y Ayuntamiento empatan a cero en carreteras

Los presupuestos del 2005, presentados con 4 meses de retraso, no invierten en vivienda, carreteras, ni educación, y suben exageradamente la presión fiscal

Pese a los 30 millones de € del presupuesto municipal del presente año, este no soluciona las principales demandas de los vecinos, más bien responde a la vanidad del Alcalde que centra el esfuerzo inversor en un Auditorio de más de 8 millones de €, cuyo mantenimiento aumentará mucho el gasto corriente anual del ayuntamiento y además, su posible uso y programación son una incógnita.

El tráfico seguirá empeorando. Alternativa dos Veciños es incapaz de proponer soluciones ambiciosas y de

futuro en materia de comunicaciones, como un nuevo puente sobre la Ría, única solución para desbloquear el tráfico con A Coruña; o las circunvalaciones a Santa Cruz y Mera, necesarias para mejorar la seguridad vial.

No hay política de Vivienda Mientras se obtienen 12 millones de € del urbanismo, ni uno solo de ellos se dedica a política de vivienda, convirtiendo estos presupuestos en insolidarios ya que la oferta de viviendas de precio protegido es escasa.

Se despiden trabajadores para contratar empresas privadas. Se suprimen 14 puestos de trabajo indefinidos en una política enfocada a privatizar servicios. Se rebaja en un 14% el presupuesto de contratos laborales fijos

para aumentar la temporalidad y la precariedad laboral (crece un 400% la partida de contratación temporal de Servicios Municipales).

Sube la presión fiscal A pesar de la ya exagerada presión fiscal que soportan los vecinos a través de la contribución y otros impuestos, las tasas municipales se incrementan más de un 9%.

Siguen pidiendo préstamos bancarios. Ante los ingresos extraordinarios (más de 12 millones de €) procedentes de la venta de solares, de la firma convenios urbanísticos, y de la venta del patrimonio municipal del suelo, no es admisible que el ayuntamiento pida un nuevo préstamo bancario de 600.000 €, que eleva

la deuda a más de 6 millones de €.

Los socialistas presentamos enmiendas al presupuesto. Estas recogían la no supresión de puestos de trabajo, y partidas presupuestarias para: un estudio sobre el nuevo puente; comprar suelo para nuevas carreteras, (circunvalaciones de Santa Cruz y Mera); la construcción de un Pabellón Polideportivo en el IES Neira Vilas; una piscina climatizada en la zona norte y un parque fluvial en Iñás. Todas fueron rechazadas con los votos de Alternativa dos Veciños y BNG.

Para las necesidades reales de los vecinos de Oleiros, un año más, va a ser que no.



Bloque Nacionalista Galego / Isaac Rebolo Osorio. Responsabel Local do BNG de Oleiros PSOE, PP, a mesma cousa é

Estamos a entrar nunha época difícil. Xa ten comezando a campaña electoral de cara ás vindeiras eleccións autonómicas que terán lugar en outubro. O Partido Popular parece que se decata agora das grandes eivas de infraestruturas que sofre o noso país e que non son responsabilidade unicamente do Goberno estatal, no que, por certo, o PP estivo

os últimos 8 anos, senón tamén da Xunta de Galicia. O PSOE representa o mesmo mais con diferente disfraz, o Sr. Touriño que fora Secretario de Estado de Infraestruturas nunca prestou a máis mínima atención ao que acontecía en Galiza, máis que cando se convertiu na súa única saída política; entón aprendeu galego e reclamou a súa condición

de galeguista "de toda a vida".

O BNG representa a excepción, e a única opción dos que apostan por Galiza. Unha Galiza digna e orgullosa de si mesma, unha Galiza na que a xente nova non teña que emigrar, en definitiva, unha Galiza que decida por si mesma, sen plegarse aos intereses que lle son alleos. É

iso o que amosamos día a día desde o BNG de Oleiros co noso traballo de goberno; como é posíbel traballar e procurar o mellor para os veciños e veciñas e sen responder diante de ninguén máis que de aqueles e aquelas aos que nos debemos, a cidadanía galega e no noso caso aos e ás oleirenses.

Novo Plan de Urbanismo en Oleiros

◆ O terceiro Plan Xeral de Urbanismo de Oleiros elaborado dende o período democrático, porase a exposición do público no mes de maio. Estará exposto ó longo dun mes nas dependencias municipais, e editaranse copias en CD para todas aquelas persoas que queiran mercalo no concello a un módico prezo, para quen queira ter no seu poder este documento urbanístico e analízalo polo miúdo, de cara a ter pleno coñecemento de tódolos extremos deste novo Plan Xeral. O documento foi informado xa pola Consellería de Política

Territorial, Obras Públicas e Vivenda, despois de analízalo ó longo de 3 meses. Durante o prazo de exposición abrirase un mes de prazo para que os cidadáns poidan realiza-las alegacións que procedan. O mesmo prazo terán tamén as administracións autonómica e estatal, para alegar, prevéndose un prazo posterior doutros dous meses para resolve-las devanditas alegacións e elevar no seu momento ó Pleno a proposta definitiva, proceso este que se prevé rematar a finais do verán.

Xa se remataron estas obras ▼

■ **Obras para garanti-la seguridade vial, como o Andén peonil ó Faro de Mera, ou a apertura do Camiño do Mazadoiro a Subiña, e outras de infraestruturas de maior envergadura, están xa rematadas e listas para o seu uso.**

◆ O Paseo de Madeira na Punta de Santa Cristina permite a unión entre os Paseos da Praia e da Ría de Sta. Cristina. As obras tiveron un custe próximo ós 50.000 euros, e incluíron a colocación de mobiliario urbano e de novo alumeadado público.

◆ Restauración da Casa anexa ó edificio de A Fábrica. A antiga vivenda anexa á Fábrica e máis a parcela que forma parte do edificio, restauráronse co obxecto de convertila en Cafetería e Restaurante, á beira do Paseo da Ría. A casa consta de pranta baixa, onde se atopará emprazan os comedores.

◆ Reforma interior da Casa do concello. De cara a dotar dun mellor servizo ós cidadáns, reformáronse e ampliáronse as dependencias da casa do concello, unhas obras que rematarán arredor do mes de maio. Por mor desta reforma, sitúase na pranta baixa a oficina de atención centralizada ó cidadá, persoal, e catastro; na primeira pranta, estará Alcaldía, Secretaría, Sala de Xuntas, Xerencia e Orde Pública. A emisora municipal Radio Oleiros emprázase dende agora no edificio da antiga Cámara Agraria, por tras da casa do concello.

◆ Rotonda no cruce da rúa da Vila e As Atochas, en Iñás.

◆ Pista polideportiva de Condús. Dentro do recinto do Campo de Fútbol de Condús, construíuse unha pista polideportiva que permite un mellor aproveitamento daquela instalación deportiva. As obras acadaron un importe de 24.000 euros.



◆ Adecuación do acceso a Vista Alegre en Liáns e pavimentación do aparcamento da igrexa de Liáns.



■ Novas instalacións de Radio Oleiros



◆ Centro de Interpretación da Costa de Dexo, en Serantes, na Casa do Fareiro. En breve será inaugurado.

Alumeados públicos

◆ Entre os moitos alumeados públicos que se acometeron, ben por mellora dos mesmos, ben por nova implantación, salientamos o do Parque Luís Seoane, o da Rúa do Areal e o da rúa da Xustiza. O concello continuará levando a cabo obras de mellora e reparación nos distintos núcleos de poboación.



■ Parque Luís Seoane

Obras rematadas

◆ Hai distintas obras que, nalgúns casos, supoñen a intervención do concello, con fondos propios, en obras que deberían acometer outras administracións, como Demarcación de Costas. Tal é o caso da reparación do muro e o pavimento do Paseo Marítimo de Santa Cruz.

Cabe salientalo embelecemento que se fixo en Santa Cristina e Santa Cruz –e en breve comezan a emprazarse noutros lugares urbáns- das zonas ocupadas polos contedores de lixo, ocultándoos con paneis modulares de madeira que consiguen unha estética urbana moito máis agradable, e permiten adaptarse a diversas formas segundo o espazo existente en cada rúa.

● É fundamental a colaboración dos veciños para coidar estes espazos: bota-lo lixo dentro dos contedores para evitar que estes lugares se convertan en vertedeiros de lixo incontrolados.

Tamén foi adxudicada xa a obra de instalación de ascensor na Casa do Pobo de Perillo, e outro no Centro Municipal de Formación.

...e nun futuro inmediato...

... levarase a cabo a obra do Paseo da Ría do Burgo. Hai que felicitar e agradece-la colaboración dos veciños que contribúen coa cesión de terreos a que Oleiros siga avanzando no seu desenvolvemento urbanístico, ó servizo dos veciños.



... antes do verán estarán rematadas as obras de mellora dos bombeos de augas residuais en Santa Cruz, Bastiaqueiro e A Pasaxe.

... e rematouse o alumeado público na rúas Pardo de Andrade, no sendeiro da Urbanización Rialta e a rúa do Marro en Dorneda, a rúa do Pozo en Lorbé, as rúas Abeleiras, Avelino Cachafeiro, dos Freixos e a rúa do Cuco en Nós.

Siguen a bo ritmo as obras do Túnel de Iñás, que se prevé estea rematado nos vindeiros meses. Esta obra suporá unha desconxestión do tráfico na zona, e un maior garante para a seguridade vial dos transeúntes.

A Xunta segue negando a Oleiros o seu desenvolvemento

◆ A Xunta de Galicia segue a negarlle ó pobo de Oleiros o seu desenvolvemento e o da comarca, negando as obras da Rotonda de Santa Cruz que o concello quere construír, e que desconxestionaría o tráfico considerablemente. Son obras que xa se teñen feito noutros lugares do concello e en estradas de competencia autonómica, polo que queda demostrada a súa grande utilidade.

Siguen querendo que o Concello sexa quen continúe sacándolles castañas do lume. Pero o Grupo Municipal de Goberno non parará ata obrigar á Xunta e á Deputación –porque as estradas que conflúen nese cruce son de ámbalas administracións- ata

lograr esta obra, para asegura-la seguridade das persoas e a axilidade e fluidez do tráfico rodado. Na entrevista que o Alcalde García Seoane mantivo en marzo co director xeral de Estradas da Xunta de Galicia, na que o rexedor municipal comunicou este proxecto, o delegado non mantivo ningunha actitude reticente ó mesmo, antes ben, facíase partícipe desa necesidade. Qué ocorreu dende esa entrevista ata que comunica na prensa que non vai a haber tal rotonda? Acaso a rivalidade política está por riba dos intereses da poboación?

¡Ai, señor señor! ¡Cánta coherencia se bota a perder no camiño a ningures!



Paneis de madeira para oculta-los contedores

◆ En Santa Cristina e en Santa Cruz, xa se instalaron estes paneis de madeira cubrindo os contedores do lixo, que contribúen a embelece-la estética dos núcleos urbanos. E seguiranse instalando noutros núcleos de poboación de distintas parroquias. Pero que os contedores estean ocultos, non significa que os cidadáns nos desentendamos da obriga de mante-lo espazo limpo, depositando o lixo dentro dos contedores, e non no contorno dos mesmos. Porque neste caso, “ollos que non ven, corazón que si sinte”, e por elo, debemos contribuí-los veciños a coida-los espazos públicos. Ata os que ocupan os contedores de lixo, que ninguén quixera velos convertidos en vertedoiros.

NON FAGAS NOS ESPAZOS PÚBLICOS O QUE NON FARÍAS NA TÚA CASA



- Selecciona o lixo e vértelo nos contedores correspondentes
- E os mobles, refugallos, electrodomésticos e demais, lévaos ó Punto Limpo.
- A ninguén nos gusta atoparnos con estas estampas.

CARTA ABERTA DO ALCALDE Ó POBO DE OLEIROS

Estes días atrás, os veciños de Oleiros vimos cómo de súpeto, semellaba que Correos comezaba a funcionar. Pero non era tal, senón que os buzóns dos portais enchíanse con fotocopias que militantes do PP fixeran con páxinas do franquista xornal ABC, nas que se vertían unha morea de difamacións, calumnias, terxiversacións e ofensas contra min como alcalde de Oleiros —é dicir, contra o Grupo de Goberno Municipal— e mesmo da miña familia.

Non me colle de sorpresa esta campaña difamatoria, porque xa me foi anunciada nas ameazas que me fixera o embaixador israelí cando nos manifestamos a favor do pobo palestino: as ameazas prometidas estiveron saíndo á luz a través deste xornal de extrema dereita. Os ‘enxeñeiros’ desta burda campaña tentaron involucrar a outros medios de comunicación galegos para executar esta orquestración mediática, pero non lle entraron a trapo polas maldades e calumnias empregadas para tal fin.

Os responsables desta ‘difusión de mentiras, manipulacións e terxiversacións’, non aceptan que existan persoas que se dediquen á política sen corromperse; non están afeitos a que existamos persoas con principios éticos e un alto concepto da dignidade que nos leva a defende-la transparencia política na nosa xestión, a traballar para termos un concello ó servizo dos seus habitantes e antepoñendo os intereses dos cidadáns por riba dos propios. Eses ‘políticos deformados’ correlexionarios en moitos casos dos autores desta campaña da que estou sendo vítima, están afeitos a ocupa-los postos institucionais para enche-los seus bolsos; privatizar empresas estatais transferindo a altos cargos institucionais a postos directivos destas; a cobraren porcentaxes e comisións por obras públicas aínda a costa da seguridade e da saúde públicas; afeitos a ocupar poltronas derrochando cuartos públicos sen pudor nin conciencia; afeitos á opacidade da xestión, e a facer que os cidadáns repudien a política e asuman como normal os comportamentos corruptos. Non aceptan que existamos cargos institucionais que loitemos por dignifica-la política e xestionar-lo que é de todos coa máxima transparencia e claridade, e cunha máxima irrenunciable: o remate dos privilexios e do amiguismo, do enchufismo e das prevendas.

Son conscente de que resultemos molestos “ó poder” e ós seus lacaios quen actuamos dando a cara e coas cartas cara arriba. Porque non nos limitamos a dirixir un concello e traballar para que este sexa motivo de orgullo para os seus cidadáns, senón que os nosos principios van máis alá: opinamos e denunciemos dende as nosas organizacións políticas de opresión que sufren os pobos do mundo máis desfavorecidos polo asoballamento dos países máis ricos —que o son precisamente a costa dos condenados a seren pobres; defendemos o dereito dos pobos a decidiren o seu futuro, defendemos o equilibrio social, a igualdade social, os dereitos humanos... Molestamos, sí señor; e seguiremos molestado mentres haxa un só pobo acibillado pola fame ou polas balas.

Non é preocupante que un xornal madrileño de berce franquista como ABC, lle interese tanto un alcalde dun concello de provincias; está claro a qué intereses serve este xornal de extrema dereita en Oleiros e en Galicia; nuns casos, para rematar cunha plataforma de denuncia

das atrocidades e asoballamentos, e noutros, a toma do poder do concello de Oleiros: ámbolos usan a calumnia e a manipulación nos medios de comunicación contra aqueles que non estamos en venda, nin nos enrugamos.

Pero estou convencido de que o tempo, e ás veces tamén a xustiza, pon a cada quen no lugar que lle corresponde. O ABC, xa tivo que rectificar algunha das afirmacións que facía: outorgáballes a unha irmá miña o poder sobre unha importante multinacional en Madrid que facturaba miles de millóns, e non tiveron máis remedio que desdicirse (aunque o espazo dedicado á acusación era infinitamente maior ca o dedicado á corrección do erro), forzados pola denuncia da propia empresa afectada, que negou tal relación. Nesta ocasión, fixérono nas páxinas do xornal. Nas seguintes, terán que facelo diante dos tribunais, onde interpuxen as correspondentes querellas por tais difamacións.



Ante tanta canallada, baixeza, miseria e manipulación desta calaña política que comulga co pensamento único que impón unha política de laboratorio (dirixida a globaliza-la miseria do mundo para enriquecerse uns poucos), son conscente de que cada día molesto máis e molestamos quen compartimos o ideal dun mundo igual para todos e todas; molestamos quen impedimos que uns cantos desalmados poidan facerse cas rendas deste concello que tanto coidamos, conservamos e cultivamos. Canto máis fermoso e humanizado está o noso concello, máis desexos e codicia, máis ambición desperta nestas xentes sen escrúpulos que están desexosos de ultraxa-lo territorio e poñelo en función dos seus intereses particulares. Din de min que “nin como nin deixo comer”. É certo, como certo é que mentres teña folgos e un ápice de vida, non deixarei que coma ninguén a conta de destrozarmos urbanisticamente Oleiros. Espero que nunca se poidan fartar a costa do noso concello; e se por desgracia algún día o chegan a facer, jogallá que reventen da enchenta!

Os pobos son sabios, e o de Oleiros, demostrouno en diversas ocasións, e polo tanto, a xente é difícil de enganar, anque a manipulación e intoxicación informativa poida influír a conta de “calumnia, que algo queda”. Sei que o tempo, colocará a cada un no seu sitio, e desvistirá as mentiras deixando os ‘baixos fondos’ ó descuberto.

Os que me coñecedes de antigo e nos apoiástedes en tódalas adversidades para lograr este Oleiros distinto e singular, pídovos que sigades sen dubidar da miña honestidade persoal e política. Nunca vos defraudarei. Os que elixistes Oleiros para vivir e non coñezades a historia da loita desigual que levamos librando dende o movemento veciñal ó longo de 30 anos para acadar este fermoso municipio, pídovos que vos informedes en fontes limpas, e non nas cloacas putrefactas das mafias políticas e especulativas.



“Aprendemos na Natureza 2004/2005” na primavera

■ **Este Programa lévase a cabo dende hai máis de dez anos, entre os meses de abril a xuño, cos rapaces dos Centros Públicos de Ensino Primario de Oleiros: Rabadeira, Valle-Inclán, Luís Seoane e Parga Pondal. Cóntase, coma sempre, coa colaboración do profesorado dos centros. Trátase dun programa de excursións a zonas de Galicia dun alto valor natural, histórico, xeográfico, económico ou etnográfico.**

◆ Está dirixido a tódolos Ciclos de Primaria, e cada centro pode escolle-lo lugar a visitar que prefira: ofértanse 5 destiños este ano con excursións que duran 3 días: O Courel, Ría do Eo, Fragas do Eume, Os Ancares e Monte Aloia. Así, permítese aproveitar e coñece-los recursos do lugar visitado, facendo camiñatas, acudindo a lugares de especial interese, organizando xogos ambientais, obradoiros... Os nenos van acompañados de profesores e de educadores municipais, o que permite unha aprendizaxe dinámica e divertida, e asegura o cumprimento dos obxectivos educativos da actividade.



Dende o 1 de abril rexe a Ordenanza que regula o uso dos espazos públicos

■ **A partir desta data, ábrese un prazo para que –fundamentalmente os hostaleiros- adapten o mobiliario que vaian a emprazar nos espazos públicos, terrazas, máquinas expendedoras, etc, ás normas que se estipulan nesta Ordeanza reguladora da utilización especial da vía pública de xeito temporal. O 1 de xuño deste ano, deberán ter todos esa estética adaptada á normativa legal:**



- ▶ Deixar libres os accesos ós inmobles, garaxes, saídas de emerxencia, paradas de transporte...
- ▶ Deixar libre un corredor mínimo de 1,30 metros
- ▶ Parasoles instalados no mobiliario cun mesmo logotipo: o do Concello de Oleiros
- ▶ Os materiais das terrazas deberán ser de aluminio, vimbio, madeiras ou teas -ou materiais que os imiten-, de boa calidade e estabilidade garantida
- ▶ Atender ás cores autorizadas: beig, verde, granate, azul ou madeira natural

Incumplir estas condicións ou as medidas que se enmarquen no corpo da licenza, ou o estipulado nesta Ordeanza, implicará a instrución dun procedemento sancionador que rematará coa imposición dunha multa e a posibilidade da retirada da licenza concedida ó efecto

◆ Os hostaleiros que teñan unha terraza autorizada o 1 de abril, esta permanecerá en vigor, pero deberán axusta-la ós aspectos técnicos e estéticos desta Ordeanza antes do 1 de xuño. Os que a soliciten despois daquela data, deberán aporta-la documentación requirida na Ordeanza demostrando que se axustan ás novas condicións.

Para que as rúas estean ó servizo dos veciños e manteñan a estética urbana necesaria, a Ordeanza tamén regula:

- ▶ a instalación de máquinas expendedoras
- ▶ os caixeiros automáticos nas fachadas
- ▶ a colocación de elementos obxecto de venda na rúa
- ▶ fiscaliza as ocupacións da vía pública para instalar casetas, valados e contedores de obra ou andamiages

◆ Estas melloras van tamén en beneficio do sector hostaleiro, porque se mellorámo-la paisaxe urbana, dinamizarase máis o sector turístico e en consecuencia, medrará economicamente ó ter máis visitantes de fóra.

◆ Os hostaleiros poden recoller o CD-Rom co logotipo do concello, que se entrega de balde, para reproducilo nos parasoles. Recóllense no Centro Cultural A Fábrica.

... Tamén afecta ós vehículos que se anuncian para venda en plena rúa

◆ Esta Ordenanza non só afecta ás terrazas que os hostaleiros colocan no período estival, senón que atinxe tamén a quioscos, máquinas expendedoras e outros, e ós vehículos estacionados na vía pública, que se expoñen cun cartel anunciando ós transeúntes a súa venda. A Ordenanza establece e habilita medidas sancionadoras para os responsables da comisión desta actividade, se non cumpre o regulamento.

◆ Incumplir esta norma, constitúe a comisión dunha infracción administrativa de carácter grave, segundo a Ordenanza, e pode ser sancionada con multas dende 301 a 1.000 euros.

As distintas varas de medir “o peixe” do conselleiro López Veiga ▼

■ **Principio de igualdade na aplicación da Lei:** “O artigo 14 CE consagra o principio de igualdade ante a Lei e na aplicación da Lei, que supón, segundo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, que a supostos de feitos iguais deben aplicárselles consecuencias iguais e que as diferencias de trato precisan xustificar axeitadamente os motivos de tais diferencias”.

◆ Isto é o que reza a lei. Reza, e obriga, que por algo é lei. Pero semella que non todos a teñen en conta, e o que é máis grave, as máximas autoridades e cargos institucionais encargados de aplicala. Non se entende senón, que en xaneiro do ano 2004, a Consellería de Pesca incoase expediente contra “un edificio da promotora do alcalde de Sanxenxo que invade a costa”, e cuxo informe aseguraba que “os planos de deslinde aportados polo concello e polo denunciante, difiren”. Pesca, en consecuencia, abriu ese expediente sancionador e de restitución da legalidade ó devandito edificio, situado en primeira liña de praia do concello e invadindo a calzada. O Colectivo “Salvemos Pontevedra” foi quen levou a cabo a denuncia. O edificio vulneraba a Lei de Costas, e xa en decembro do 2004, Pesca propuxo demole-lo edificio, e era contundente na multa: “o edificio debe ser derrubado e a empresa, multada con máis de 3 millóns de euros”.



■ “López Veiga e Cobián...tal para cual”

Pesca propone demoler un edificio que promoviou el alcalde de Sanxenxo

22/12/2004 | Galicia
La empresa de la que es socio construyó el inmueble en Silgar vulnerando la ley de costas
La alta sanción que aconseja el expediente requiere el aval del Consello de la Xunta

◆ No anterior número do “Vivir en Oleiros”, reproduciamos o proceso legal aberto contra o alcalde de Oleiros pola construción da súa vivenda, aportando toda a documentación legal que demostraba que non infrinxía a lei de costas. Este caso, o do alcalde de Oleiros e máis o de Sanxenxo, eran semellantes para os medios de comunicación, que se fartaron de meter ós dous no mesmo saco. Os argumentos que Pesca daba, tamén para o alcalde de Oleiros, eran exactamente os mesmos: a interpretación dos planos de deslinde aportados, tampouco coincidían. Sen embargo... non é igual ser do PP ca non selo...



O conselleiro de pesca López Veiga **absolve** ós amigos

◆ Qué ocorreu para que algo tan contundente se convertese en auga de borrala para o alcalde de Sanxenxo?: en marzo deste ano, “Pesca archiva o expediente dun edificio do alcalde de Sanxenxo”, “A consellería desestima a demolición e unha multa de 3 millóns”, “Costas evita a sanción á promotora da que é socio Telmo Martín, do PP”... Así rezaban os titulares da prensa. “O alcalde de Sanxenxo, Temo Martín (PP), respira un pouco máis tranquilo. A Consellería de Pesca acaba de dictamina-lo sobreseimento do expediente que propoñía demole-lo edificio que Construcuatro SA, a empresa da que é socio, tiña promovido en pleno paseo marítimo de Silgar, a milla de ouro urbanística do concello. A resolución asinada polo conselleiro Enrique López Veiga, toma en consideración as alegacións da promotora do rexedor, que se evitará así ter que derruba-lo edificio levantado en primeira liña de praia e abonar unha multa de 3 millóns de euros, que propoñía o instructor do

Pesca abre un expediente a un edificio del alcalde de Sanxenxo

29/01/2004 | Galicia
La promotora del regidor del PP construyó vulnerando la ley de costas
El inmueble obtuvo en el año 2000 todas las licencias municipales

Un edificio de la promotora del alcalde de Sanxenxo invade la costa, según Pesca

13/01/2004 | Galicia
IMPRIMIR ENVIAR ARCHIVO DEL DÍA VOLVER

expediente. O seu sobreseimento susténtase nunha diverxencia de interpretación do plano de deslinde costeiro que se tomou como referencia para concede-la licenzia de construción, e o que figura no arquivo do Servizo de Usos do Litoral”.

... a cousa cheira a chamusquina...

◆ A cousa, ninguén pode negar que cheira a chamusquina, e que non é o mesmo medi-lo peso dun alcalde amigo e militante do mesmo partido, ca o dun alcalde que molesta porque leva a cabo, entroutras cousas, unha política urbanística con equidade, raciocinio, legalidade, respectando a estética urbanística e o medio ambiente, e o que é máis importante, sen andar a poñe-lo cazo en ningunha das súas actuacións.

◆ O mesmo Xornal, *La Voz de Galicia*, publicaba o 15 de marzo: “Recurrido ante el TSXG o arquivo do expediente do edificio de Silgar; *Salvemos Pontevedra* reclama a demolición do inmovible que autorizou o conselleiro de Pesca; a vía xudicial pretende evitar que o proceso contra a promotora do alcalde caduque”. Este colectivo inclúe no seu recurso, que “asímesmo, como agravante, o feito de que tanto o ex conselleiro Juan Miguel Diz Guedes e o ex director xeral de Urbanismo, Jesús Cudeiro, teñan pisos no inmovible, e esixirá a restitución da legalidade”.

Unha seria conclusión

■ De todo o dito, podería entenderse, potencialmente, a arbitrariedade e vulneración do principio constitucional de igualdade na aplicación da Lei, cando ante supostos esencialmente idénticos na cualificación dos dous expedientes sancionadores indicados –diverxencia na planimetría oficial–, pódense ter producido consecuencias diversas: á empresa do alcalde de Sanxenxo; Telmo Martín, se lle sobresa e arquiva o expediente sancionador. Respecto ó alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, se lle impón sanción e se ordena a reposición da casa ó estado anterior á comisión da “suposta” infracción. Está claro que... non hai como ter amigos! Pero sen dúbida, é mellor durmir coa conciencia tranquila.

A APA do IES Miraflores logra o Bacharelato ▼

■ A unión dos pais de alumnos, profesorado e dirección, alumnado e concello, lograron que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria concedese a vella reivindicación de logra-la impartición do Bacharelato neste instituto. Así llo comunicou o conselleiro Celso Currás á APA do Instituto e ó alcalde de Oleiros, en diversas conversacións que este mantivo os pasados días 8 e 11 de abril, nas que García Seoane insistiu na necesidade de desbloquear este proceso que a delegación da Consellería impoñía na Coruña, tanto para este como para outras reivindicacións que en materia de ensino, tiña planteadas o concello dende hai meses e anos.

◆ Grazas á unión e ó apoio incondicional que o concello prestou ó colectivo que conforma o IES Miraflores, e á mobilización convocada pola APA do centro, e que recibiu o apoio do Grupo Municipal de Goberno, a Consellería de Educación reaccionou de inmediato, primeiro citando ó alcalde a unha xuntanza para o mércores 13 de abril –xuntanza que fora solicitada con carácter de urxencia por García Seoane–, e de inmediato, anulando esta xuntanza a propia Consellería para axiliza-la chegada do acordo ó que finalmente se chegou. A institución autonómica acordou coa APA a implantación das tres ramas de Bacharelato, e co alcalde de Oleiros, a autorización para levar a cabo a obra de cubrición dunha das pistas polideportivas do Miraflores, e na que o concello investirá 300.000 euros. Para iso, afirmou o Conselleiro que enviaría de inmediato o borrador do Convenio que formalizará esta obra.



■ Instituto Miraflores

Así mesmo, comunicoulle a disposición da Consellería a conceder tamén outro proxecto municipal, que é o da construción da Escola de Preescolar en Mera, e que acollerá ós cativos/as da zona norte do concello, construción que se fará nos terreos adquiridos polo concello ó lado do Luís Seoane de Canide.

Estos foron logros importantes, aunque non por iso son suficientes para o concello. Aínda hai asignaturas pendentes, como é o da ampliación dos ciclos formativos para o sistema educativo de Oleiros, dado que unha poboación de arredor de 31.000 habitantes, así o demanda.

Máis de 3.000 persoas participaron nos Programas dos Centros Municipais de Formación no 2004 ▼

■ A área de Formación e Emprego do Concello realiza a súa actividade nos Centros Municipais de Formación Isaac Díaz Pardo e A Carballeira. O ano pasado, 3.074 persoas participaron nos programas que se levaron a cabo neses centros para combater-lo desemprego: o Programa de Orientación Profesional, o de Formación Ocupacional e o de Promoción do Emprego. Isto supón que cada día, 12 persoas foron atendidas no Centro para realizar algún tipo de xestión relacionada coa mellora da súa ocupabilidade.

◆ No Programa de Orientación Profesional (Servizo Galego de Colocación e Bolsa Local de Emprego) rexistráronse 505 novos demandantes de emprego. Pero ademais, realizáronse centos de entrevistas personalizadas de orientación para recibir asesoramento: o 73,46 % destes asesoramentos foron para veciños de Oleiros, e o 26,54 % restante foron para veciños de 15 concellos tanto da comarca, como de Carballo, Santiago ou Lugo.

82 demandantes estranxeiros

- Os estranxeiros inscritos supuxeron o 14 % do total (82 persoas)
- Un 82% máis ca no 2003
- Procedencia maioritaria: Colombia, Uruguai, Venezuela, Argentina, Brasil, Bolivia, Cuba, Alemania, e outros países estranxeiros
- O 69% dos estranxeiros demandantes son mulleres, que solicitan fundamentalmente seren empregadas do fogar
- Os homes solicitan postos de dependentes, camareiros ou axudantes de cociña

Promoción de emprego

- 478 ofertas presentadas (un 62% máis ca no 2003)
- 670 postos de traballo ofertados (un 40% máis ca no 2003)
- Servizos, turismo e hostalería, e construción: as maiores ofertas

Emprego municipal

◆ Para contratar traballadores para realizar diversas obras e servizos de interese social, o concello pon en marcha cada ano varios programas. Construír mobiliario urbano, a limpeza das praias, a recuperación de zonas degradadas e práctica profesional dentro das diversas áreas do concello, son parte destes programas financiados entre o concello e outras administracións. O nº de persoas beneficiadas por estes programas foi de 22.



A policía local incrementa os seus recursos ▼

O incremento da poboación así o demanda

■ Oleiros medra poboacionalmente, e isto implica un incremento de recursos nos distintos servizos e departamentos municipais, para atender máis e mellor ás demandas e necesidades sociais. No tocante á Policía Local, este incremento tradúcese na ampliación do seu Parque Móbil. Tamén o cadro de persoal se incrementou con 7 novos axentes. Para atender-lo verán, contrataranse catro novos auxiliares de Policía. Convocáronse tamén 3 prazas de Cabo Municipal. Todo elo supón un forte investimento. Ademais do incremento de persoal e do Parque Móbil, incrementáanse as comunicacións, armamento, uniformidade e, en definitiva, todo o equipamento que cada profesional precisa para levar a cabo o seu labor.

A colaboración cidadá, fundamental

- ▶ Porque axuda a orienta-lo labor policial
- ▶ Axuda a esclarece-los feitos con moita máis rapidez
- ▶ Facilita a proximidade entre os veciños e a Policía Local, propiciando unha maior comunicación que, moitas das veces, poden mesmo evita-la comisión de actos delictivos que atenten contra o benestar social.

Hai que felicitar ós veciños e veciñas de Oleiros quen coa súa colaboración axudaron a evitar actos vandálicos e mesmo verquidos incontrolados en distintas zonas. Os resultados desta implicación cidadá, están sendo moi positivos. Pero cómpre incrementala para chegar a poñer fin a estes atentados contra o benestar e a seguridade á que todos temos dereito.

Novo Regulamento da Policía Local

◆ Dentro da reestructuración que se está levando a cabo ó longo deste 2005 no Corpo policial municipal, está o novo Regulamento da Policía Local. Un documento que ordea este servizo municipal dentro da normativa aplicable ás Forzas e Corpos de Seguridade.

Sistema de localización GPS

◆ Proximamente, instalarase un sistema de localización GPS que será colocado nos vehículos policiais. O GPS, Sistema de Posicionamento Global, é unha rede de satélites que transmite continuamente información codificada, que permite sabe-la posición do obxectivo a seguir con total exactitude sobre a terra. Este sistema transmite información en moi baixa frecuencia que permiten a calquera que posúa un receptor GPS, atopalo seu emprazamento sobre o territorio.

A Agrupación Civil de Voluntarios efectuou 1.240 actuacións no 2004 ▼

■ Doce son as persoas que compoñen a súa Xunta Directiva e o Cadro de Mando: un presidente, un secretario e xefe da unidade operativa, un secretario e xefe da unidade de loxística, unha xefa da sección de actividades, un xefe da sección acuática, e 7 xefes de equipo. Un organigrama que dirixe ós máis de 100 voluntarios que integran a Agrupación Civil de Voluntarios, creada en abril do 1993.

◆ Ó longo do ano pasado, foron un total de 1.242 as actuacións realizadas por esta Agrupación Civil de Voluntarios, salientando entre elas as intervencións en materia sanitaria (698), seguida da vixilancia do litoral (152), e da información ó cidadá (96). O resto das actuacións teñen que ver cos eventos culturais e populares, deportivos, incendios urbáns, incendios forestais, accidentes de tráfico e limpezaas varias, retirada de árbores e outros das calzadas, inundacións, limpezaas varias, traslados hospitalarios, rescates de embarcacións, rescates de persoal no mar, busca de persoas desaparecidas, vixilancia e excursións, mantemento de material e instalacións, e outros.



Fagámolo por tod@s!

- Se o noso can fixese isto mesmo no chan da casa, limparíámolo.
- ¡Limpémolo tamén cando o fai nos espazos públicos!
- Sacar a pasea-los cans, non implica mancha-los parques e rúas de Oleiros.



Un novo éxito da Festa dos Vellos Antroido 2005

21 anos avalian a tradición desta festa



Organizada polas entidades cidadáns de Oleiros, e coordinadas polo concello, a "Festa dos Vellos Antroido 2005" sumou este ano un novo éxito ós seus 21 anos de tradición. No decurso da Festa, os arredor de 1.500 asistentes degustaron os produtos típicos desta data, elaborados polos propios veciños e veciñas das asociacións que organizan o evento. A dixestión foi acompañada da música que a Orquestra "Sintonía de Vigo" sabe elixir para amenizar e provoca-lo baile dos participantes.

Concurso de disfraces e choqueiros, puxeron a nota 'competitiva' na que primou a creatividade e a investigación nas vestimentas. Mela Casal, levou a súa Socorrito do "Luar" da TVG, e outras personaxes, e como colofón, non podía faltar outra nova demostración de inxenio, bo humor e a retransca que caracteriza o Antroido galego: o alcalde exerceu de "bispo" de cerimonias para casar, ou mellor dito, impedi-lo casorio, dos voceiros da oposición municipal. O sentido do humor non pode faltar nestas festas tan tradicionais, e que no caso de Oleiros, como ben sendo usual, trasládase coa ironía que corresponde situacións da vida real extrapoladas á escenificación que ameniza, a fin de contas, unha festa creada para pasalo ben. E a vulgar polos feitos, os asistentes disfrutaron e divertíronse a fartar.



800.000 euros para Axuda a Domicilio

Este ano, son 800.000 euros os que se investirán neste servizo que é atendido por 19 profesionais

O Servizo de Axuda a Domicilio presta un conxunto de atencións de carácter complementario e tarnsitorio, que non exime á familia das súas responsabilidades, con planificación, coordinación e control público. A través de personal cualificado e supervisado presta, a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, unha serie de atencións dirixidas a que os usuarios:

- recuperen autonomía persoal ou familiar
- descubran os seus propios recursos e os do seu contorno e aprendan a utilizalos
- renoven os vínculos coa familia, os veciños e a zona, ou os creen de novas
- participen como cidadáns na vida da comunidade



De qué se benefician os veciños?


- ▶ Da atención doméstica: limpeza, lavado, pranchado de roupa, cociña...
- ▶ Atencións familiares: soporte a familias con problemas, coidado dos nenos, asesoramento e formación de pais, atención a dismnuídos e terceira idade...
- ▶ Atencións técnicas que supoñían unha alternativa á institucionalización
- ▶ Atencións de apoio: compañía, facilita-la vida de relación co contorno, organización de actividades de entretemento...

Quén se pode beneficiar?

- ▶ Nenos/as ós que hai que atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes estean incapacitados dalgún xeito para exercer-las súas funcións
- ▶ Anciáns que viven sós, que non poden ser atendidos polos seus familiares, ós que esta axuda lles permite seguir vivindo no seu fogar
- ▶ Persoas de calquera idade con dificultades temporais por convalecencia ou outros motivos
- ▶ Dismnuídos ós que o servizo de axuda a domicilio pode favorece-la súa autonomía
- ▶ Familias desestructuradas con serios problemas de relación

Os oleirenses reclamaron un servizo de correos digno

◆ As Asociacións de Veciños, Culturais, Deportivas e entidades sociais en xeral de Oleiros, reivindicaron un servizo de reparto de correo acorde coa realidade poboacional e xeográfica do concello. A falla de estabilidade no cadro de persoal de correos, así como o crecemento da poboación e dos núcleos de poboación de Oleiros, demandan unha maior cobertura do servizo por parte desta empresa estatal, que a pesares de ser semiprivada, cumpre un servizo público. Correos incrementou o seu cadro de persoal cunha persoa, pero aínda segue a ser insuficiente e sigue sen cubrirse o reparto do correo en tempo, o que ocasiona ós veciños numerosos problemas cando se trata de correspondencia oficial que implican prazos de caducidade, presentación de documentación en trámites oficiais, etc... Por iso o Grupo Municipal de Goberno, continúa as súas xestións con esta empresa ata conseguir satisfacer as necesidades dos 92 núcleos de poboación de Oleiros.



■ Este poste en Iñás, xa non existe grazas á xestión municipal con Fenosa

O alcalde esixiu a Fenosa máis investimentos nas infraestruturas

◆ Malia que o director de distribución de Fenosa en Galicia afirmaba que os apagóns que se producen na área metropolitana son "puntuais", todos sabemos que esa "puntualidade" é unha constante no tempo e no espazo nas distintas parroquias de Oleiros. Por iso, o alcalde Ángel García Seoane esixiu da empresa un investimento destiñado a corrixi-las deficiencias que no subministro eléctrico se veñen sufrindo en centos de casas, e que ese investimento sexa proporcional ó recadado nos recibos que relixiosamente pagan os usuarios. No 2004, a recadación foi nada menos que 1.144.402.000 das vellas pesetas, é dicir, 6.878.797,42 euros. Polo tanto, nin hai dereito a padecer estes apagóns, nin hai dereito –tal como plantea o PP de Oleiros– a que sexan os veciños quen paguen as necesarias obras de mellora do servizo. Os veciños xa pagan ese servizo, e mesmo uha tensión de 220 w., anque en moitos casos a potencia de luz oscila entre os 120 e os 160 watos.

Na xunta que o alcalde mantivo cos directivos da empresa, tamén manifestou a esixencia de que os postes da luz emprazados en moitos viais e lugares inadecuados do concello, sexan retirados pola empresa e reubicados en puntos axeitados.

E xa comezan a retiralos en puntos como Iñás.

O concello quiere solucionar-la falla de cobertura na telefonía móbil

◆ O concello de Oleiros conta con 28.723 usuarios de móbiles, cunha poboación de máis de 31.000 habitantes. Existen catro empresas de telefonía que prestan este servizo: Movistar, Amena, Airtel e Vodafone, e delas, tres teñen cobertura suficiente, mentres que Movistar-Telefónica carece da mesma. Como é sabido, esta empresa non quixo aceptar nalgúns casos os emprazamentos compartidos das torres de telefonía. A ampliación de servizos que os operadores de telefonía móbil ofrecen ós seus usuarios a través dos teléfonos móbiles, precisan dunha nova implementación de antenas de distinto porte para emprazar no territorio

municipal, dado que de non facelo, sería imposible que os cidadáns de Oleiros poidesen acceder a estes servizos.

O alcalde García Seoane, convocará de inmediato a unha xuntanza ós operadores de telecomunicacións devanditos, incluída a empresa Movistar-Telefónica, para atopar unha solución que dea resposta a este servizo, considerado actualmente imprescindible para os oleirenses en xeral. O concello espera acadar o consenso necesario con estes operadores, e evitar así a falla de cobertura que algunha destas empresa provocaba ós seus usuarios.

Para seguir medrando



Descrición	Investimento	Total
Edificios e outras construcións		375.758 €
Renovación do alumeado 2ª planta da Casa do Concello	16.684 €	
Reforma baixocuberta da Casa do Concello	217.824 €	
Modificado da ampliación da Casa do Concello	98.000 €	
Luminarias da Casa do Concello	43.250 €	
Equipos informáticos		386.240 €
Rede comunicación 2ª pranta Casa do Concello	11.178 €	
Rede comunicación da Recadación Municipal	15.062 €	
Modernización do equipamento informático	120.000 €	
Licencias de software	120.000 €	
Mellora de rede de voz e datos	120.000 €	
Mobiliario e enseres		91.426 €
Mobiliario da 2ª pranta da Casa do Concello	41.426 €	
Mobiliario para Radio Oleiros	20.000 €	
Mobiliario da Casa do Concello	30.000 €	
Maquinaria, instalacións e utilaxe da Administración Xeral		6.012 €
Dotación para as oficinas Municipais	6.012 €	
Maquinaria, instalacións e utilaxe de Protección Civil		10.200 €
Mobiliario dotación praias	4.200 €	
Dotación para Protección Civil	6.000 €	
Maquinaria, instalacións e utilaxe de Seguridade		5.500 €
Dotación Policía Local	5.500 €	
Infraestruturas e bens para Promoción de Emprego		40.000 €
Mobiliario urbano	40.000 €	
Edificios e outras construcións para Consumo		1.000 €
Mantenemento de edificios	1.000 €	
Melloras en Edificios e construcións de Ensino		6.000 €
Melloras en Centros de Ensino	6.000 €	

Descrición	Investimento	Total
Prazas, parques e paseos		2.739.000 €
Paseo da Ría Agramar - A Fábrica	600.000 €	
Acondicionamento dun mirador na Nirvana	30.000 €	
Habilitación de espazos contenedores de lixo	60.000 €	
Sinalización urbana de edificios e lugares de interese nas rúas do Concello	200.000 €	
Reposición de árbores	60.000 €	
Mirador Parque Liáns	30.000 €	
Limpeza e prantación Parque Metropolitano	150.000 €	
Acondicionamento senda mirador Nirvana - Bastiagueiro	30.000 €	
Mellora zona verde Agramar	10.000 €	
Mellora en zonas verdes e praias do termo municipal	30.000 €	
Mobiliario urbano	30.000 €	
Acondicionamento do Parque Dexo - Serantes	30.000 €	
Acondicionamento senda costeira Galeras - Santa Cruz	200.000 €	
Acondicionamento senda Santa Ana - Canide	30.000 €	
Mellora da drenaxe de pluviais e do Paseo en Sta. Cristina	49.000 €	
Marquesinas para o Plan Transporte Comarcal (100% Xunta)	70.000 €	
Acondicionamento do acceso praia Portelo - Maianca	20.000 €	
Reforma parque infantil Praza de Liáns	20.000 €	
Zona verde tra-la praia Bastiagueiro	50.000 €	
Obras de posta en valor dos recursos naturais e culturais (70% Proder)	500.000 €	
Acondicionamento parcela da antiga vivenda anexa á Fábrica	60.000 €	
Ampliación do Parque da Lagoa	480.000 €	
Mobiliario e Enseres para Ensino		
Mobiliario Escolas	3.200 €	
Adquisición de terreos para urbanismo		
Adquisición de solo en Naval		
Adquisición de terreos e equipamento da Igrexa de Dexo		
Adquisición terreos en sendas costeiras		
Terreos e servidumbres da rede de colectores secundarios e depuradora de Oleiros		
Adquisición terreos para apertura ou ampliación viais		
Adquisición terreos Paseo da Ría - A Pasaxe		
Adquisición terreos senda e mirador de Nirvana - Bastiagueiro		
Adquisición terreos senda Canide - Santa Ana		
Adquisición terreos para parques e paseos		
Infraestrutura e bens de uso xeral en Urbanismo		
Redacción proxecto senda Galeras - Santa Cruz	18.000 €	
Redacción proxecto Porto Deportivo de Lorbé	70.000 €	
Redacción proxecto execución obras a financiar co 70% Proder	30.000 €	
Gastos reposición outros bens		
Alumeados públicos		
Renovación alumeado núcleo de Xoés - Serantes	42.045 €	
Rúa O Rueiro - Oleiros	3.000 €	
Rúa Eduardo Pondal en Santa Cruz	14.394 €	
Alumeamento da Igrexa de Dexo	16.946 €	
Mellora en Rosalia de Castro	6.000 €	
Renovación alumeado Paseo de Santa Cristina	30.000 €	
1ª Fase renovación alumeado Urbanización Rialta-Dorneda	30.000 €	
Alumeado Parques Santa Ana e Maianca	30.000 €	
Plan de aforro enerxético e redución contaminación lumínica	60.000 €	

Descrición	Investimento	Total
Reposición en prazas, parques e paseos		3.000 €
Reposición de redes de rego	3.000 €	
Maquinaria, instalación e utilaxe de saneamento, abastecemento e distribución de auga		3.000 €
Melloras ou eliminación de bombeos	3.000 €	
Novas infraestruturas saneamento, abastecemento e distribución de auga		713.429 €
Recuperación fontes: O Espiño, O Couto, Río da Gándara, Fonte da Camiña, O Regueiro, O Broño, San Cosme, Ornela e Oleiros	100.000 €	
Hidrantes, mellora servizo contraincendios	12.900 €	
Renov. Tramos rede auga en rúas Chorima, Neira Vilas, As Avogadas e O Areal	51.905 €	
Saneamento tramo Avda. Fontedouro a Campamento (50% os veciños)	30.000 €	
Renovación tramo de auga no Seixal	50.000 €	
Renovación tramos rede auga nas rúas A Xesta, Salvador de Madariaga e na rúa do Faro (POS 2005 Plan Complementario)	38.743 €	
Saneamento Zona As Grobias (50% os veciños)	250.000 €	
Cemiterios e servizos funerarios		30.000 €
Dotacións cemiterio de Dorneda	30.000 €	
Novas infraestruturas para Servizos Municipais		229.000 €
Parque José Martí	139.000 €	
Novas plantacións árbores en entornos do concello	30.000 €	
Novas dotacións para parques e mobiliario urbano	60.000 €	
Maquinaria, instalación e utilaxe Servizos Municipais		38.750 €
Dotación de equipos para obras, intervención rápida e xardíns	38.750 €	
Maquinaria, instalación e utilaxe Servizos Municipais		3.000 €
Remodelación e melloras en oficinas e almacén interior	3.000 €	
Materiais de transporte para Servizos Municipais		73.000 €
Camión alumeado público de 3.500 quil. con pluma telescópica	48.000 €	
Remolques, devanadora hidráulica e outras melloras	25.000 €	
Maquinaria, instalación e utilaxe Servizos Municipais		4.500 €
Utilaxes para festexos e actos culturais	4.500 €	
Edificios e outras construcións culturais		2.095.000 €
Auditorio de Bastiagueiro	2.000.000 €	
Ampliación Biblioteca de Santa Cruz	65.000 €	
Acondicionamento baixocuberta do local de Dexo	30.000 €	
Mobiliario e enseres para promoción cultural		153.000 €
Mobiliario da nova Escola Infantil (50% Xunta)	55.000 €	
Dotación do Auditorio de Mera	98.000 €	
Inv. e reposición de edificios e outras construcións culturais		165.000 €
Pintado interior Casas do Pobo de Iñás e Lorbé	10.000 €	
Melloras na Casa Echeverri	3.000 €	
Pintado e melloras no Centro Cultural de Montrove	40.000 €	
Reordenación interior Casa da Xuventude (A Fábrica)	10.000 €	
Pintado das escolas A Braña	15.000 €	
Renovación do pavimento da Casa do Pobo de Mera	12.000 €	
Melloras de preescolar en Rialta	10.000 €	
Ventás do Edificio de As Torres	8.000 €	
Melloras na Casa da República	6.000 €	
Mellora da Casa do Pobo de Nós	8.000 €	
Melloras no Castelo de Santa Cruz	43.000 €	

Descrición	Investimento	Total
Edificios e outras construcións deportivas		672.266 €
Melloras en distintos pavillóns e vestiarios	30.000 €	
Cubricións de pistas Polideportivas de Dexo e Miraflores	541.266 €	
Renovación pavimento pista do Pavillón de Canide	35.000 €	
Pintado de pistas polideportivas	6.000 €	
Peches de pistas polideportivas	30.000 €	
Melloras en distintos parques infantís	30.000 €	
Beirarrúas en estradas, camiños e vías públicas		1.050.000 €
Beirarrúa de Arenaza á Casa do Pobo de Iñás		
Beirarrúa de Abeleiras - Franzomel		
Beirarrúa da Avda. Che Guevara - Orllinda - Nirvana (dta.)		
Beirarrúa O Couto - Santa Cruz		
Remate das beirarrúas de Celso Emilio Ferreiro		
Remate das beirarrúas da Avenida de Venezuela		
Remate das beirarrúas da Avenida Valle-Inclán		
Beirarrúa da Rúa do Portelo en Lorbé (Dexo)		
Apertura da Rúa Fuxeiras		
Bandas sonoras para ordenación de velocidade		
Arcén Maianca - Broño		
Ordeamento do cruce Abeleiras (aportación)		
Andén Breixo - Lourido		
Rotonda de Santa Cruz (aportación)		
Arcén da Rúa Maside		
Sinalización horizontal e vertical en diversos lugares: Rialta, Pombal e outros...		
Beirarrúas da Urbanización Canide		
Beirarrúas en Neira Vilas		
Beirarrúas en Avda. Fonte do Ouro (Oleiros - As Pardelas)		
Beirarrúa O Río - Pousada - O Bosque		
Beirarrúa en Salvador de Madariaga		
Beirarrúa na Rúa Nova (Perillo)		
Beirarrúa na Rúa Leticia		
Eliminación de barreiras e mellora de accesibilidade		
Remate das beirarrúas de Miguel Hernández		
Urbanización da Rúa As Torres		
Beirarrúa de Concepción Arenal		
Andén de Montrove - As Pedras - 2ª fase		
Andén de A Lagoa - O Regacho - 2ª fase		
Camiños, estradas e distintas vías públicas.		745.000 €
Entre outras:		
En Nós, as Rúas da Barcala, O Pedregal, do Soto, das Ánimas, de Xan Vicente Viqueira e Xosé Chas García		
En Oleiros, as rúas do Linde, do Foro, da Fonte do Álvaro e a rúa Condús		
En Dorneda, as rúas da Urbanización Rialta, Tramo da rúa A Chave e Corredoira da Raíña		
En Iñás, as rúas do Leirón e de Molina		
En Perillo, as rúas O Castaño e Xenerosa, e a rúa A Golpa		
En Maianca, rúa da Londra, rúas da Pia de Maianca e Avda. Tierno Galván		
En Serantes, rúa Parameras, Pinar do Río e abrir rúa Lamalonga		
En Dexo, as rúas da Lodeira, Fontecuba, Adro Vello, O Salgueiro, Monte da Vella.		
En Liáns, as rúas Daniel Castelao, Ricardo Cubeiro, Romarheiro e a zona das Casas Baratas		
Outros tramos en diversas zonas		
Mantenemento de camiños e sendas no Monumento Natural		
Diversas obras de urbanización		2.382.650 €
Solo Industrial de Iñás SUNP PP3R-A Fonte (Perillo)		

TOTAL DO CAPÍTULO DE INVESTIMENTO 12.876.916 €

Máis diñeiro para máis cultura

◆ Co incremento do 10% respecto dos orzamentos do pasado ano, o concello quere poñer ó servizo dos cidadáns máis infraestruturas culturais e deportivas, e en consecuencia, incrementa-las actividades con máis programas. Incrementaranse tamén os convenios deportivos e as Escolas Municipais deportivas, e haberá unha progresiva substitución de subvencións xenéricas por convenios ou programas municipais concretos e específicos. Consólidase así un camiño emprendido hai moitos anos, tendente a implicar cada vez máis á poboación nas programacións culturais e deportivas.

Desglose dos orzamentos do Organismo Autónomo Municipal de Cultura

2.582.000 €:

- Ensino 26 %
- Deportes 18 %
- Cultura 16 %
- Xuventude 5 %
- Formación 11 %
- Bibliotecas 15 %
- Normalización Lingüís. 2 %

29.392.728 euros para seguir traballando por un Oleiros mellor

◆ Investir en obras que garantan a calidade de vida dos oleirenses, é unha práctica habitual do concello, pero este compromiso non remata con cada exercicio económico, senón que se incrementa. Por iso, os orzamentos deste ano destinan un 17,63 % máis a investimentos en obras e infraestruturas que están mudando aínda máis a fisonomía do concello e garanten tanto a seguridade vial para condutores e transeúntes como a fluidez do tráfico, e a estética urbana. Porque en Oleiros, a política urbanística lévase a cabo con criterio, con deseño, con perspectiva de futuro, produto dun profundo análise e multitude de estudos que persiguen un modelo urbanístico humanizado e ó servizo dos cidadáns.

Oleiros incrementa os investimentos un 17,63 % para o 2005

Os orzamentos

● Gastos de persoal.....	6.888.926 €
● Gastos en bens correntes e servizos....	5.198.164 €
● Gastos financeiros.....	334.600 €
● Transferencias correntes.....	3.330.177 €
● Total operacións correntes.....	15.751.867 €
● Investimentos reais.....	12.876.916 €
● Transferencias de capital.....	69.445 €
● Activos financeiros.....	24.500 €
● Pasivos financeiros.....	670.000 €
● Total operacións de capital.....	13.751.861 €

A partida destinada a cultura tamén medra un 10% respecto ó ano anterior

◆ A cultura, e o carné de identidade dun pobo. Por iso en Oleiros, este ano se incrementa un 10% o seu orzamento, de cara a crear máis infraestruturas culturais públicas e promover a constante dinamización cultural na que os e as oleirenses, teñan actividades alternativas, xa sexa como receptores dos eventos culturais, xa como protagonistas dos mesmos. O Organismo Autónomo Municipal de Cultura contará con 2.582.108 euros, unha cantidade importante que permitirá desenvolver programas culturais que satisfagan a demanda social.

O Plan de investimentos

● Equipos informáticos.....	386.240 €
● Adquisición terreos.....	500.000 €
● Prazas, parques e paseos.....	2.739.266 €
● Instalacións deportivas e culturais.....	2.767.266 €
● Estradas, camiños e vías públicas.....	1.795.000 €
● Obras de urbanización.....	2.382.650 €

◆ As partidas que máis medran nos novos orzamentos son as de investimentos e novas infraestruturas, a do Organismo Autónomo Municipal de Cultura, e os Servizos Públicos (mantemento de parques, xardíns, prazas públicas e demais). Porque o concello non só quere crear espazos públicos, senón que é fundamental o seu mantemento, e isto, require un incremento de investimento proporcional ó crecemento destes espazos públicos. Esta partida, que se incrementou un 8% respecto ó 2004, ten tamén como destino o mantemento dos 72 edificios públicos; e a cousa non quedará aí, porque se prevé seguir mellorando estes servizos a través da contratación de empresas especializadas en cada un dos sectores específicos implicados.

Desglose do plan de investimentos

● Edificios e outras construcións.....	375.758 €
● Equipos informáticos.....	386.240 €
● Adquisición terreos.....	500.000 €
● Infraestruturas e bens de uso xeral.....	118.000 €
● Alumeados públicos.....	232.385 €
● Prazas, parques e paseos.....	2.739.266 €
● Saneamento, abastecemento e distribución auga.....	713.429 €
● Servizos municipais.....	229.000 €
● Instalacións deportivas e culturais.....	2.767.266 €
● Obras de urbanización -camiños, estradas, etc.	2.382.650 €

667 alumnos “coñecen o seu entorno”

◆ Un total de 667 alumnos de 1º, 2º e 3º da ESO participan nos distintos *Obradoiros* que o *Centro de Información Xuvenil* organiza dentro do Programa “*Coñece o teu entorno*”, e que abranguen distintos eidos. A reutilización e reciclaxe de material de refugallo, o coñecemento do medio mariño, ou a riqueza de Oleiros como tal, son tres destes obradoiros. “*Coñece o teu entorno*” está sendo dende a súa posta en marcha, un referente dentro da educación ambiental e aquela que atinxe ó ámbito de historia, da arte, dos costumes e tradicións no concello e, en definitiva, un referente para que os estudantes teñan coñecemento de todo canto elemento conforma a riqueza natural, histórica e cultural de Oleiros.

Oleiros intercultural, semana da tolerancia

◆ A finais de abril, unha ristra de obradoiros para rapaces/zas da ESO e para os alumnos de bacharelato e ciclos formativos, conformaron o Programa *Oleiros intercultural: semana da tolerancia*.

Nas charlas informativas tratáronse distintos temas relacionados coa interculturalidade e a chegada de inmigrantes a Oleiros. Abondando neste punto, as distintas influencias que sofren os recién chegados, así como os propios veciños oleirenses axudaron a entender os distintos puntos de vista que sustentan as actitudes dos diversos colectivos.

O obxectivo destes obradoiros son introducir nas aulas a reflexión e o diálogo dos dereitos humanos, con sinxelos recursos para adestra-lo razoamento e a expresión emocional, amosando a realidade dos rapaces e rapazas que teñen que deixa-los seus países de orixe e trasladarse a outros lugares con diferentes culturas, idiosincrasias, idioma, e multitude de elementos diferenciadores dos seus lugares de procedencia.

Educación vial: a prudencia coas máquinas de andar


◆ *Educación Vial* forma parte do Programa de *Educación Social* que o concello leva a cabo, dirixido sobre todo a rapaces de 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato e ciclos formativos do IES María Casares. Crear hábitos e actitudes positivas de convivencia, de calidade de vida e medioambiental, e a mesma seguridade vial, son obxectivos deste Programa que se leva a cabo en coordinación co Organismo Autónomo Municipal de Cultura e a concellería de Réxime Interior.

Durante este curso, realízanse actividades co alumnado devandito, para falar sobre o risco e a responsabilidade de conducir unha bicicleta, *o ciclista prudente*; concienciar sobre o uso do casco nos ciclomotores, *o ciclomotor: escola de conducción*, ou *se hai un accidente, qué facemos?*, sirven para aborda-las normas básicas de prevención de accidentes e cómo se debe actuar ante un sinistro.



Os corresponsais dos centros de ensino ▶

◆ *Laura Viqueira Tubío* e *Aida Varela Ramos* no IES Miraflores; *Laura Acón Suárez* no María Casares, e *Johanna Monteagudo López*, *Gemma Pujó Romero* e *Estéfanie Vicentino Alvarells* no Neira Vilas, son os corresponsais cos que contan estes Centros Educativos, para manter ben informados á totalidade dos alumnos de tódalas actividades e proxectos que leva a cabo o concello, a través do Centro de Información Xuvenil e doutros departamentos. Ademais, convértense dalgún xeito en dinamizadores do mundo asociativo oleirense na xuventude, fomentando a participación dos rapaces na actividades e na vida social do concello e creando á súa vez un vínculo entre eles co CIX.



Inaugurouse o Auditorio “Gabriel García Márquez” en Mera, con perto de 1000 asistentes

◆ O 2 de abril marcou un antes e un despois na vida de Oleiros. A inauguración do Auditorio “Gabriel García Márquez” en Mera congregou a unhas 1.000 persoas, merachos fundamentalmente, que non se quixeron perder este evento histórico para a sociedade oleirense: a posta en marcha dunha nova infraestrutura cultural e social, que permitirá a celebración de grandes eventos, espectáculos, concertos, conferencias, encontros..., e suporá unha plataforma para fomentar tamén a creatividade dos artistas de Oleiros.

Tralo discurso do alcalde, no que non faltaron os pertinentes agradecementos e a explicación do proceso que implicou poder contar con esta obra rematada, Manuel Rial, representante das entidades culturais, veciñais e sociais en xeral da zona norte de Oleiros, sorprendeu a Gelo cun breve discurso que, xunto coa placa que lle entregou, agradecíalle o seu empeño por levar a cabo esta obra que supón

para Mera, un novo revulsivo tanto de dinamización sociocultural, como turística. Logo, veu a festa, e dela encargáronse as Agrupacións musicais e de Danza, tanto do concello como da zona xeográfica que ocupa o Auditorio: “A Marola” de Mera, as Corais de Mera e Lorbé, decanas do concello; “As Cantareiras”, nadas no seo da “Marola” pero hoxe xa independizadas; a Escola Municipal de Danza e a Escola Municipal de Música: a Orquestra Infantil de Corda, a Orquestra de Cámara, a Banda Sinfónica e a Big Band.



360 homes e 314 mulleres inscritos en Xoveoleiros e Ocioleiros ▼

◆ Un total de 674 persoas inscribíronse este ano nos programas Xoveoleiros (de 35 a 60 anos) e Ocioleiros (de 14 a 17 e de 18 a 35 anos), sendo a meirande parte homes: 360, fronte a 314 mulleres.

Os cursos que máis solicitan as mulleres, nos que teñen un maior peso, son os de pintura, cocina, danza e expresión corporal, obradoiro de cómic, relaxación, bailes de salón... e nos deportes, o aerobio e o badminton van sendo tamén cousas de mulleres. Pola contra, o fútbol e o baloncesto, siguen a ser cousa de homes na súa totalidade.

Dentro das distintas categorías por idade, dicir que os inscritos de entre 14 e 17 anos, foron un total de 46, dos que 13 son homes e 33 mulleres. Nos inscritos en idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos, pesan máis os homes: 309 fronte a 195, e no programa Xoveoleiros (de 35 a 60 anos) o número de mulleres duplica ó dos homes: 212 fronte a 105.

Ocioleiros é xa un programa consolidado, e o mesmo camiño se tenta seguir con Xoveoleiros, de cara a que tódolos grupos sociais entre os cidadáns oleirenses, teñan un amplo abano de actividades para poder non só investi-lo tempo de lecer, senón enriquecerse con aprendizaxes e prácticas activas de diferentes disciplinas, que contribúen ó desenvolvemento e crecemento da persoa.

Este ano, as actividades solicitadas polos 674 inscritos achegáronse ás 1.000, unha boa cifra se temos en conta a rica e variada oferta de actividades de todo tipo que se ofrecen ós cidadáns.



Perto de 1.000 actividades socioculturais

◆ Dende a súa inauguración, hai algo máis de 5 anos, o Centro Cultural A Fábrica de Perillo leva celebrado perto de 1.000 actividades socioculturais. Este emblemático edificio, pasou de producir xabóns, preparación e transformación da pesca... ata chegar a elaborar cervexas, unha iniciativa que veu da man do inglés *Roberto Guyat* na segunda década do século XX. No 1994 cúmprese o desexo do alcalde de Oleiros: adquiri-lo edificio para emprazar nel o Centro de Actividades Náuticas de Oleiros, e no 1999 arrinca xa como Centro Cultural destinado a diversas actividades, nas que non falta a Música e a Danza, dado que é alí onde se emprazan as respectivas Escolas Municipais, o Centro de Información Xuvenil, a Escola de Remo, as piscinas, e unha morea de actividades máis. A concellería de Xuventude, Deporte, Turismo e a área de Normalización Lingüística, teñen tamén as súas dependencias na Fábrica.

Se onte se elaboraba cervexa, hoxe elabórase cultura.




Pasaron pola Fábrica:

- 65 filmes foron proxectados na Fábrica
- 120 actos públicos: cursos, conferencias...
- 45 actividades relacionadas co asociacionismo cidadá
- 30 xornadas de ensino
- 12 exposicións temáticas
- 542 actividades culturais: teatro, danza, poesía, concertos e recitais...

Actividades conmemorativas

- A comezos de xullo, concerto de "A Banda do camiión"
- 30 de xuño, concerto de "Los súper ratones" (gañadora dun Grammy)
- Concerto de Presenza Zero
- Concerto de Sociedade Alcohólica
- Feira Audiovisual "Factory 05" os días 16, 17 e 18 de setembro
- Encontro de "Fábricas culturais" a finais de ano
- Festival interactivo no Bosque, "Preformance"
- Maratón de Grupos musicais a comezos de xullo
- Edición dun libro sobre a historia da Fábrica
- Charlas, actividades e torneos deportivos, cinema, exposicións, danza, foros, cursos...



250 rapaces, nos obradoiros sobre "Sexo máis seguro"

◆ Arredor de 250 estudantes de 3º da ESO dos tres institutos de Oleiros, participaron dos Obradoiros que imparte persoal especializado –psicólogos e membros da Asociación Pleyade da Coruña-, organizados polo Organismo Autónomo Municipal de Cultura a través do Centro de Información Xuvenil.

Nestas sesións trataron temas como a información sobre os métodos anticonceptivos, a fisioloxía da resposta sexual humana, información sobre a Sida e outras enfermidades de transmisión sexual, os preservativos, o seu emprego e os custes e resistencias para o seu uso; as formas de relación sexual, os comportamentos sexuais de baixo e alto risco, e as alternativas para reducir riscos, así coma o petting e outros temas.

Foi o curso pasado cando se levou a cabo por vez primeira esta experiencia nos Centros de Educación Secundaria de Oleiros, dentro do programa de "Educación para a saúde", cunha campaña baixo o título de "Sexo máis seguro".

